

5. Concepción Arenal e o educacionismo filantrópico

Herminio Barreiro Rodríguez
(Universidade de Santiago de Compostela)

CONCEPCIÓN ARENAL, CEN ANOS DESPOIS

¿Qué nos queda hoxe de Concepción Arenal? ¿Qué é o que está aínda vivo do seu paso pola vida, do seu pensamento orixinal, sutil, insinuante, rebelde, das súas actividades vitais tan discretas, do seu afán por “pasar inadvertida” e por provocar ó mesmo tempo?¹

Para Luis González Guitián, prologuista e antólogo da súa **Obra Selecta**², “nos encontramos ante una obra encerrada en una veneración poco común y muy escasamente aprovechada, ante una obra de muy escasa, por no decir nula ambición teórica, sino de intención decididamente práctica que mientras se ve alabada como muy pocas, apenas ha tenido reflejo en los hechos”³. Para Guitián, a obra de Concepción Arenal redúcese a un único tema: “La ayuda al necesitado, al desvalido”. Isto é, inscríbese de pleno na ancha e variadísima corrente ideolóxica da filantropía decimonónica. “La vigencia de Concepción Arenal es, pues, una vigencia muy a pesar suyo. Pero en todo caso, si las obras de la escritora ferrolana acusan el paso del tiempo, también es cierto que ofrecen un interesante cuadro de algunos aspectos de la sociedad española del siglo XIX”⁴.

¿Só eso ou hai algo máis? -poderíamos preguntarnos-... Todo se reduce á “cuestión social” (ás “cuestións sociais”, como a ela lle gustaba dicir), á “cuestión feminina” e á “cuestión penitenciaria”, di Guitián. Sobre eso escribe e traballa ó longo da súa vida Concepción Arenal. “Cuestión social”, que non está esgotada, senón que se complica de día en día. “Cuestión feminina”, de moita máis fondura do que se pensaba. E “cuestión penitenciaria”, cada vez máis ríspida e dura, entre guerras, represións, violencia e torturas de todo tipo, máis ou menos institucionalizadas.

Figura inquietante, desacougante, Concepción Arenal... Entrando ás

agachadas nas aulas universitarias, cando as mulleres aínda non eran alí admitidas. Vestindo túnicas ambiguas de dubidosa adscripción a un ou outro sexo. Reclamando a inalienabilidade dos seus espazos privados e a intimidade familiar. Chamando a atención nos cafés de Madrid coa súa moda "unisex". "Escandalizando" ós aldeanos de Armaño (en Santander) cos seus pantalóns "masculinos"⁵. Falando doce e claro, pero razonando "virilmente", como decía Gumersindo de Azcárate ("*tratándola durante muchos años, nunca he sabido si era republicana o monárquica, conservadora o liberal*"). Velahí una personalidade singular entre os "*reformadores da España contemporánea*", parafraseando a María Dolores Gómez Molleda. Concepción Arenal, enigmática. Concepción Arenal, transparente. Concepción Arenal, hermética. Muller e galega en exercicio. Calando máis do que dicía. Conciencia de muller que loita denodadamente contra tódalas formas de alienación feminina. Especializada na camuflaxe ideolóxica... Na súa obra latexa, aínda viva, unha mensaxe de fondo que nos dá que pensar. En Concepción Arenal parece que hai algo máis que una simple "*cuestión social*", unha "*cuestión femenina*" ou unha "*cuestión penitenciaria*"...

Certo que existe obsolescencia en moitos dos seus escritos. Certo que tamén ela participa da "*teatralidade do século XIX español*", como diría Pierre Vilar. Certo que os grandes temas pendientes tiveron que seguir agardando hasta o século XX. Pero o caso é que a escritora de Ferrol tomou moi en serio o seu traballo. Posiblemente, con pouca altura teórica -como di Guitián- pero con unha enorme decisión pola acción. De calqueira forma, as súas reflexións sobre esa praxe valen canto pesan. Hai fondura en moitos dos seus traballos. Hai meditación sosegada. Hai ecuanimidade. Hai honestidade. E hai un referente. Todo eso é o que lle da un especial valor engadido... Concepción Arenal marca pautas. Ás veces, pautas que poden parecer conservadoras, pero tamén, outras moitas, pautas claramente progresistas; aínda que, eso sí, sempre dentro das coordenadas do pensamente pequeno-burgués español típico da segunda metade do XIX. En calquera caso, pautas concretas e sobre cousas concretas. Probablemente, non houbo outro pensamento máis "*concreto*" no XIX español, como di María Campo Alange. Por eso aínda hoxe nos cautiva, sobre todo si somos capaces de "*facer abstracción*" dun contexto sobrepasado. Cautiva e seduce. Engaiola, aínda que xa non sempre conmovia.

¿UN MODO DE VIDA DETERMINANTE?

¿Hasta que punto pode ser determinante unha peripecia vital concreta no desenvolvemente dunha grande obra? Cóntase de J. J. Rousseau -cóntanolo il mesmo nas súas **Confesións**- que a súa produción teórica tería sido outra sinon houbera vivido a experiencia do que os seus biógrafos chaman "*a iluminación de Vicennes*". Naquel verán de 1749, Rousseau, facendo a pé o camiño de París a Vicennes, para visitar ó seu amigo Diderot -que estaba na cadea-, tivo una revelación, una "*iluminación*", como unha súpeta toma de conciencia. E, como consecuencia decidiu nese intre adicar o resto da súa vida a escribir a fondo sobre as causas da desigualdade entre os homes. Feito biográfico que supón un punto de inflexión na obra da súa vida.

¿Pasou Concepción Arenal por unha experiencia semellante? Que se saiba -ou que nos conten os seus biógrafos-, non. Pero si repasamos o itinerario da súa vida, non sería imposible atopar acontecementos que expliquen boa parte do seu pensamento e da súa particular concepción do mundo. Curiosamente -e a propósito do exemplo de Rousseau-, tamén ela viviu dunha maneira recorrente e preocupada a cuestión da igualdade/desigualdade social (herencia directa do propio Rousseau e da Revolución Francesa de 1789), tal e como se recolle nalgunhas das súas **Cartas a un obrero** ou en **La Instrucción del obrero**.

Concepción Arenal perdeu ó seu pai aínda moi nena. O pai de Concepción era militar liberal que sería encarcerado polos absolutistas e que morrería, desterrado, polas penalidades sufridas na cárcere. ¿E imposible que quedase algo daquela durísima experiencia na conciencia infantil de Concha? ¿Foi unha casualidade que adicara a súa vida a estudar con detalle o sistema penitenciario?... Non moito máis tarde, perdería tamén a súa nai. Algúns anos despois, casaría. Enviudaría axiña. Perdería unha filla... Todas estas mortes, estratéxicamente escalonadas ó longo de poucos anos, fixeron dela, sen dúbida, unha muller moi ensimismada, unha muller habituada a vivir sola, a desenvolverse sola, a valerse polos seus propios medios. Eu creo que todas esas mortes axudaron a facer dela unha muller grande e singular.

A súa curiosidade intelectual e a súa vocación xurídico-moral e pedagóxica chegaronlle por distintos camiños: pais, marido, amistades, lectu-

ras... Mesmo os escenarios da súa vida tiveron moito que ver coa xénese da súa obra: Ferrol, Armaño (Santander), Madrid, Potes, outra vez Madrid, Coruña, Madrid de novo, Gijón, Pontevedra, Vigo -aquí morrería, en 1893-. Itinerario xeográfico que perfilaría definitivamente a súa biografía.

María Campo Alange insiste no carácter determinante que deberon ter os seus anos infantís en Armaño, a carón da súa aboa, despois de ter perdido ó seu pai. Vida infantil integramente rural en Armaño. Vida en pleno contacto coa natureza montañesa. Vida ó aire libre. Vida de xogos non sexistas. Cultivo das súas facultades físicas, sin ningún tipo de limitación... Algo importante deberon significar aqueles anos na traxectoria vital ulterior de Concepción Arenal. Hasta que un día alguén decide que aquela rapaza rústica debería recibir unha educación axeitada para una "señorita", en Madrid...

E Madrid será o rompeolas da súa vida xa para sempre. Alí conocería a Fernando García Carrasco, abogado e xornalista. Un amor que, como sinala no seu perspicaz estudio biográfico documental María Campo Alange, nacera, casi clandestinamente, nas aulas universitarias. Data de entónces a controvertida anécdota de C. Arenal asistindo sixilosamente ás clases, na Facultade de Dereito, disfrazada de home. E debe datar tamén dalquel tempo a súa pasión pola escritura. Empezaría, como tantos outros, pola literatura (afición que non abandonaría nunca: **Fábulas en verso** -libro de lecturas escolares-, **Historia de un corazón** -novela romántica-, algo de teatro, unha zarzuela; todo moi na liña dos gustos literarios dominantes).

Iniciaría moi pronto, xunto ó seu home, as súas colaboracións en **La Iberia**, que lle darían primeira sona e fama. Anos felices, sen dúbida, para Concha, os transcurridos entre 1848 e 1857, que durou o seu matrimonio. Quedáronlle tres fillos. Retorna a Santander. Os Picos de Europa. A Potes... Da a impresión que daquela, Concepción Arenal tiña xa decidido cáles iban ser as tarefas prioritarias da súa vida: a axitada cuestión social española, os cárceres, a educación, a cuestión feminina... A xusticia -a xusticia social, sobre todo vai ser o seu referente universal. A ética, a palanca da razón. A educación, a panacea.

CUESTIÓN SOCIAL, CUESTIÓNS SOCIAIS... O XIX ESPAÑOL

A "cuestión social" en Concepción Arenal é a que mellor reflexa a súa ideoloxía, o seu sistema de valores e o verdadeiro sentido da súa con-

cepción do mundo. “*Cuestión social*”... Tema ancho onde os haia. A ela gustáballes máis falar das “*cuestións sociais*”... Quizais porque así podía eludir mellor un compromiso único e enteiro; ou quizais porque esa mesma pluralidade permitíalle distribuír máis axeitadamente e ó seu aire a carga ideolóxica dos seus xuízos sobre os distintos sectores da sociedade do seu tempo. Para L. González Guitián, “*en la llamada cuestión social es donde se ponen de manifiesto con más claridad las características de la obra de Concepción Arenal*”... (Ellas) “*son las que hacen que este aspecto de su producción sea el que acuse con más intensidad el paso del tiempo*”... (Ellas) “*son las que explican en ese “sentido conservador” que Emilia Pardo Bazán encontraba en la obra de Concepción Arenal*”⁶.

Pero, ¿era realmente Concepción Arenal unha pensadora conservadora? Coido que sería, polo menos, aventurado afirmar tal cousa. Máis que un pensamento eminentemente conservador, era o seu un pensamento típicamente reformista, renovador, modernizador. Arenal foi moito máis alá do filantropismo convencional. Foi máis lonxe e chegou máis ó fondo das cousas. Non creo que sexa discutible a súa pertencencia á pléyade de “*reformadores*” da España contemporánea. En todo caso, habería de aquilatar a influencia da súa “*procedencia*” de clase, pero tamén a súa “*posición*” de clase no conxunto da súa obra. C. Arenal é unha muller emancipada da pequena burguesía do XIX español. Tamén ela tiña o **ethos** clásico da pequena burguesía, como diría Carlos Lerena⁷. Como o seu amigo Francisco Giner de los Ríos, por exemplo. Pero con diferencias. Primeiro porque era muller e tiña conciencia de muller. E despois porque, dentro das vacilacións típicas da pequena burguesía, mira máis cara “*abaixo*” que cara “*arriba*”, mira máis para o pobo que para os grandes burgueses ou a aristocracia. Concepción Arenal tivo sempre unha sensibilidade especial á hora de defender a tódolos necesitados, os pobres, os oprimidos, os castigados, os asoballados (“*le tenía cariño al dolor*”, di Manuel Machado no seu poema de homenaxe).

María José Lacalzada de Mateo, nun estupendo artigo titulado “*Concepción Arenal en la Institución Libre de Enseñanza*”, publicado no mismísimo **Boletín de la Institución Libre de Enseñanza**, (II Epoca, nº 16, Abril de 1993), di: “*La reforma social que C. Arenal buscaba arrancaba de la soberanía del entendimiento sobre la inestabilidad y violencia de las pasiones... Esta ideología (la opinión pública consciente, las asociaciones benéficas libres y los intelectuales puestos al servicio de las verdades) tenía mucho de democratizadora..., pero, sobre todo, de racional-*

zadora, en cuanto su objetivo era elevar las interacciones sociales hacia las esferas de la justicia. Si estas convicciones eran viables o deben pasar a formar parte de las utopías racionalistas del siglo XIX, es un tema que puede discutirse en otro momento; pero está claro que esta concepción de la persona y de las relaciones de la sociedad civil con el Estado no debe confundirse con las visiones que sostenían en aquel momento los conservadores y menos aún con las antiliberales de los integristas católicos". E, poco máis adiante, continua: "El entendimiento profundo entre C. Arenal de un lado y de otro sus amigos institucionalistas ha podido quedar velado por dos equívocos alimentados desde posiciones integristas. C. Arenal, recatolizada veinte años después de su muerte, pasó a ser tomada como bandera de ciertos movimientos proselitistas posteriores".

Así, pois, houbo -e, probablemente, seguirá a haber- unha certa manipulación do pensamento de C. Arenal. Como non podía ser menos, dada a fondura dos seus traballos e habida conta da súa penetrante mirada. Moi complicada era a trama das relacións sociais na España decimonónica. Tralos acontecementos da primeira metade do XIX en Europa, e sobre todo, dos acontecementos de 1848, o medo á revolución será unha constante nas filas da pequena burguesía. Ese medo tamén está presente en C. Arenal. Abondo con ler as súas **Cartas a un obrero** e, como contrafigura literaria, as **Cartas a un señor**. C. Arenal reclama -nas primeiras- a educación para os traballadores, pero tamén a aceptación da desigualdade social, que está -di- "*en la naturaleza de las cosas*"... Pero, ó mesmo tempo, apostrofa ós señores egoístas e desconsiderados que non son conscientes do "*perigo*" que os ameaza. Sempre entre Escila e Caribdis.

No fondo, a "*cuestión social*" redúcese a unha "*cuestión moral*" e toda "*cuestión moral*" é unha "*cuestión pedagóxica*", tal e como sinala González Guitián no magnífico prólogo da **Obra Selecta** de C. Arenal, que vimos citando. Para o profesor da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago, o feito de escribir en 1871, "*en plena resaca da Commune*" as célebres **Cartas** a ese "*obreiro simbólico*" ("*Apreciable Juan*")⁸ "*a quien advierte una y otra vez... que no debe dejarse arrastrar por la propaganda socialista o por las ideas de absurdas igualdades*"⁹, non só resulta paternalista hoxe senón que tivo que selo tamén daquela.

Diante desta abordaxe teórico da "*cuestión social*", "*no es difícil adivinar el camino que tomará su práctica: la labor de C. Arenal se aleja radicalmente de las luchas sociales y se centra en la beneficiencia*"¹⁰. Por tanto, lonxe da revolución e perto da reforma, pero non dentro do sistema.

Tamén José Luís Aranguren (en **Moral y Sociedad**) suliña o catolicismo social paternalista e caritativo de Concepción Arenal. Noustante, sería inxusto comparar o movemento filantrópico de hoxe co daquel tempo. Concepción Arenal vaise adicar a un labor enormemente práctico e concreto. Un labor de búsqueda da xusticia social e non só puramente testimonial -como podería resultar hoxe-. Daquela, a beneficencia e a caridade sistemática (as suas visitas e o seu traballo práctico en cárceres, manicomios, hospitais, hospicios, etc.) tiñan un carácter de verdadeira militancia social e política. O filantropismo decimonónico resultaba, ás veces (como en C. Arenal), práctica reformista positiva. Non era un simple adorno. Non era unha pantomima. Nos se trataba tan só de tranquilizar a conciencia. Era unha alternativa que xurdía das correntes utópicas máis novas e máis vellas a un tempo, desde o Renacemento e a Ilustración hasta certas tendencias do socialismo utópico.

Despois das suas colaboracións en **La Iberia** e tras ter presentado algúns traballos no estranxeiro sobre a **cuestión penitenciaria**, Concepción Arenal entrégase por enteiro á tarefa de poñer orde no que debería ser a moralización do Estado. Visitadora de cárceres (“*!Odia el delito, compadece al delincuente!*”), aboga pola organización de “*todos los organismos correspondientes a la beneficencia, como son hospicios, cárceles, hospitales, etc. Pide a los poderes públicos que se abra en La Gaceta una sección que trate de beneficencia*”... “*Años después, y en vista de que su petición no ha sido atendida, funda ella misma el periódico La Voz de la Caridad y el 15 de marzo de 1870 aparece el primer número de la revista, consagrada exclusivamente a la beneficencia*”... “*Esta publicación tuvo una vida de catorce años y en ella publicó Arenal 464 artículos*”¹¹.

A opción ideolóxica de Concepción Arenal estaba clara. O socialismo utópico, para ela, era eso: unha utopía. O socialismo marxista, por exemplo, quedaba lonxe do seu horizonte -como tamén quedaría lonxe para os institucionalistas-. Aposta, pois, con forza, pola reforma renovadora.

Para enxuiciar cabalmente a Concepción Arenal non podemos perder de vista as peculiaridades do XIX español. Estamos a falar, por exemplo, dun tempo de centralismo forzado, cando en toda Europa predominaba a centrifugación nacionalista, como consecuencia das campañas napoleónicas e, sobre todo, a causa da internacionalización dos principios da Revolución de 1789. Estamos a falar dun país cuías clases dominantes, ligadas estreitamente ó Antigo Réxime, atrinchéranse no poder a calquer

precio, por medo á revolución social. Onde non se pode falar en rigor dunha revolución burguesa. Onde non hai revolución industrial (como non seña en Cataluña ou nos núcleos industriais do Norte). Onde o retraso histórico engrosa e se apelmaza. Onde ás últimas correntes do movemento obreiro entran con pouca orde e solidez. Había moitísima axitación social, pero tamén moita ficción. Como di Pierre Vilar, citando a Unamuno, o pronunciamento “*por arriba*” e a anarquía “*por abaixo*” son as notas dominantes.

De calquera xeito, acélérase a loita polo asociacionismo obreiro. E a propia C. Arenal -malia as súas reservas de fondo coa Internacional- non é allea a esa corrente asociacionista. Haberá que agardar a 1865 para asistir á primeira folga xeral -e C. Arenal non estará precisamente polas folgas como sistema, pero tampouco se asusta tanto coma outros-. A visita a España de Fanelli e o movemento anarquista que nace sí que preocupa a C. Arenal. As viaxes a España de Engels e Lafargue “*européizan*” o movemento obreiro español. Concepción apoia ese asociacionismo, pero trata de aclarar con qué fin. Na súa **Carta XXI** a Juan, diralle: “*Yo sé que perteneces a la Internacional, pero sé también que por eso no dejas de ser mi hermano*”... “*El período histórico en que vivimos es de rebelión*” ...; “*este estado durará hasta que se armonice la organización con las ideas*”. Na Carta XII engadirá: “*Las huelgas no resuelven el problema de la insuficiencia de los salarios, como un motín no resuelve ningún tipo de derecho. Asociarte, ilustrarte, moralizarte: he aquí el medio, el único medio de alcanzar el mayor fruto posible de tu trabajo*”.

En definitiva, éramos -¿seguimos sendo?- un pobo pouco ilustrado. O progreso cultural e educativo parece que foi sempre, desde entón, por detrás do progreso material. Como di María Campo Alenge, “*la vida de Concepción Arenal transcurre en una España particularmente turbulenta*”¹². ... “*Durante su vida tuvieron lugar las tres guerras carlistas y la cantonal y se produjeron no pocos motines ... Hubo una revolución con mayúscula, la del 68, que, como dice Melchor Fernández Almagro “era la europea de 1848, reprimida en su día por el general Narváez” [Quizá Vilar, Fontana e outros non compartan esta opinión] “Esta revolución derribó un régimen monárquico... Le suceden, con intervalos cuatro regencias: la de María Cristina de Borbón, la del general Espartero, la del general Serrano y la de María Cristina de Habsburgo. Se implanta una nueva y fugaz dinastía con Amadeo de Saboya y se vuelve a la dinastía borbónica con la restauración en la persona de un joven príncipe de diecisiete años:*

Alfonso XII. Si a todo ello añadimos las dos tremendas epidemias de cólera, el contexto histórico resulta verdaderamente pavoroso"¹³.

Y María Campo Alange concluye: "*Las consecuencias sociales de tan caótica situación política, tienen que ser y son, necesariamente, múltiples y gravísimas. La miseria moral y material asola el país. El pauperismo [C. Arenal escribirá unha obra xustamente con ese título] compite en cifras altísimas con el analfabetismo. Los niveles más altos de cultura y riqueza quedan muy por debajo de los alcanzados en otros países europeos. La mortalidad infantil alcanza niveles increíblemente altos ... Los niños empiezan a trabajar apenas cumplen los cinco o seis años*"¹⁴.

O EDUCACIONISMO FILANTRÓPICO

No movemento da Ilustración é onde hai que buscar as orixes políticas e ideolóxicas do pensamento de Concepción Arenal. Orixes conscientes ou inconscientes. Desde a súa firme fe na libre búsqueda da verdade científica (positivismo científico ilustrado) hasta o seu cristianismo natural neoilustrado, pasando pola convicción de que a educación é a principal palanca de transformación social. Ciencia, relixión -moral-, educación. Todo eso conforma o seu "*humanismo liberal*", en tanto que ideoloxía de fondo. Todo eso explica as súas relacións privilexiadas co núcleo principal de renovadores de España contemporánea: Giner de los Ríos, Gumersindo de Azcárate, Rafael María de Labra, etc. Relacións persoais, sintonización de sensibilidades ou pura relación doctrinal que se explica polas diferencias de idade. Estamos a falar dun sector fundacional da máis importante empresa de renovación e modernización pedagóxica: a Institución libre de Enseñanza (1876). E todo eso tradúcese na educación moral como fin pedagóxico último, na xusticia social como oxetivo e conquista recorrente e na filantropía ou beneficencia como programa para a acción.

Confianza na verdade científica: "*Yo pienso -decía- que la verdad es buena y útil, sin excepción alguna de tiempo ni de lugar, y como la ciencia no es más que el conocimiento de la verdad, pienso que es provechosa la ciencia. Verdad perjudicial, verdad peligrosa, me parece una frase absurda, y hasta una idea impía, porque si el conocer pudiera ser un mal, ¿cómo y para qué nos dio la inteligencia el Sumo Bien?*"¹⁵. "*Fusión*" de ciencia e relixión. A verdade da ciencia non pode ser nunca discutible, nin

pode ser perxudicial, nin perigosa. (¿Poderíamos decir hoxe o mesmo?). Non debe haber contradicción entre ciencia e relixión... Esta aproximación entre positivismo científico e relixión só pode ser explicada a partir da ideoloxía neoilustrada de C. Arenal e da súa singular posición na cuestión relixiosa. A relixiosidade de Arenal era unha actitude vital moi arraigada na escritora ferrolana. Era a súa unha relixiosidade sin xestos e sin ritos. Unha relixiosidade íntima e sentida. Unha relixiosidade sin premios nin castigos explícitos. Unha relixiosidade, en suma, que se achegaba ás ideas expostas, por exemplo, por Voltaire e Rousseau sobre o que eles entendían por **relixión natural**. Unha relixión deseclesiastizada, antropoloxizada. Unha relixión feita á medida do home moderno e nacionalista. De ahí esa afirmación súa: "... *si el conocer pudiera ser un mal* [conocer=ciencia, mal= moral], *¿cómo y para qué nos dio la inteligencia el Sumo Bien*". Sería unha **contradictio in terminis**. En realidade, con ese razonamento, C. Arenal remóntase a Sócrates, cando o filósofo grego afirmaba que "*a razón é o máis divino que hai no ser humano*". E tampouco debe ser esto unha casualidade, porque o propio Giner de los Ríos (no ámbito do pensamento pedagóxico) afirmará contundentemente que o método socrático é non só o mellor método para o ensino-aprendizaxe senón o **único método auténtico**¹⁶.

Debúxase así unha liña do pensamento, común ós reformadores da España do XIX, que vai de Sócrates -e Platón- á Ilustración (con Rousseau e Kant en primeiro termo) e, de aquí, sin solución de continuidade, ó positivismo e ó socialismo utópico (en C. Arenal) ou a Pestalozzi e Fröbel (en Giner de los Ríos, máis especificamente "*metido*" nas cuestións educativas).

Angeles Galino ten feito consideracións moi precisas sobre a condición feminina no século XIX¹⁷. A propósito dos progresos científicos decimonónicos, establece os condicionamentos e as limitacións que se lle impoñen á muller, a partires das experiencias de Charcot sobre o fenómeno do histerismo e da consideración de neurosis como enfermidade típicamente feminina. E un exemplo de cómo, nese caso, investigacións que despois tomaron moi outro rumbo, se lle presentaban a C. Arenal como obstáculos "*científicos*" na súa loita pola emancipación feminina. Si a eso lle engadimos a opinión dominante sobre a inferioridade intelectual da muller e os estudos "*científicos*" que pretendían abandonar nesa opinión, podemos entender a "*obediencia*" con que acata esa "*verdade*" científica e tamén a rebeldía latente (concedora coma era da súa propia capacidade

intelectual e dos seus propios recursos) e a sutileza do seu razonamento cando di: "*Aquí no prejudgamos la cuestión de la altura a que podrá elevarse la mujer por el pensamiento; llegue hasta donde pueda, que más allá no ha de ir...*". Hai nesta afirmación de Arenal un gran escepticismo cara esa opinión dominante e, desde logo, non pouca ironía. (¿Qué diría Concha das mulleres científicas, filósofas ou xogadoras de xadrez de hoxe?).

Neste inciso feminista, á hora de perfilar a inclusión de C. Arenal na ampla e variadísima corrente de pensamento que é o educacionismo filantrópico, gustaríame destacar o feito real e ouxetivo de que moitos dos estudos máis importantes realizados sobre C. Arenal, son obra de mulleres. María Campo Alange, María Barbeito, María José Lacalzada, Angeles Galino, Carmen Díaz Castañón... Textos de mulleres sobre unha muller pioneira na reivindicación desa conciencia de muller. O femenismo de C. Arenal non é, como se dixo, un simple feminismo moderado, senón un feminismo de gran calado. Feminismo que vai moito máis alá do que parece. Resposta intelixente ás preguntas últimas sobre as chamadas "*identidades de xénero*". Escola de longo alento que chegaría lonxe. Chamada e alerta sobre un problema que empezaría a tomar solucións históricas a partir de entón. Algúns dos seus títulos son xa un anuncio ou unha provocación: **La mujer del porvenir**, **La mujer de su casa**. Textos sobre a necesidade da educación da muller ou sobre a muller na súa casa, que son unha invitación para a acción e un programa de traballo. Como decía María Barbeito -tan entusiásticamente arenalista-, de Concha Arenal gardaremos sempre a lembranza da súa "*sensibilidade exacerbada*", o seu dicir "*suave y profundo*" e a súa "*pura sustancia de las cosas*"¹⁸.

Si non fose moito etiquetar, eu diría que C. Arenal era unha humanista liberal, cristiana e neoilustrada. Difusa ideoloxía pequeno-burguesa que impregna unha boa parte da andadura colectiva da **intelligentsia** española da época. Adicou a maior parte da súa vida á filantropía. E considerou en todo momento que a educación era o alicerce principal para o progreso social. Para Arenal o educacionismo era o elemento privilexiado desa ideoloxía, a razón do progreso, o medio máis eficaz para acadar a xusticia social. Educacionismo filantrópico e moral. Educacionismo ético.

Si eso é así, non debería haber trabas para a educación. Debe impoñerse a educación universal, a xeneralización educativa, a consideración especialísima do maxisterio -no que a muller tería cousas importantísimas que dicir-, os programas masivos de alfabetización, escolarización e instrucción popular. Isto é, **a educación deber ser un dereito**. E como tal así

figura en numerosos pasaxes da súa obra básica sobre educación: **La instrucción del pueblo**. “*Si el niño no se instruye -di- es grave el riesgo de que se pervierta; y como no puede haber derecho a pervertirle, él le tiene a la instrucción*”... “*La instrucción es de necesidad pública, porque hay necesidades morales, como legales y administrativas y físicas*”... “*Como no hay deberes imposibles, hay que hacer posible a todos el de instruirse*”. Nun determinado momento dese frontispicio de ideario pedagóxico que é a introducción de **La instrucción del pueblo** dirá: “*Hoy en España, ¿qué remedio puede emplearse contra los males que nos afligen o nos amenazan?. Ninguna dolencia social puede combatirse con un remedio solo; pero si se nos pidiera que señaláramos uno nada más, aquél que juzgásemos de mayor eficacia, responderíamos sin vacilar: la instrucción*”¹⁹. En **La instrucción del obrero** (repárase na intencionalidade dos títulos das súas obras ...), afirma: “*La cuestión social, como la llaman, y que, lejos de ser una, son muchas, es en gran parte cuestión pedagógica, porque para las colectividades, como para los individuos, en la manera de ser influye la manera de pensar, y el de pensar, la de saber*” (20).

As orixes teóricas da educación pública contemporánea atópanse, como se sabe, nos textos dos ilustrados. Están en Diderot, en Helvétius, en Rousseau. Pero os ilustrados sabían que ésa só podía ser unha tarefa que acometera o novo Estado. Consideraban que o Antigo Réxime xa fora condenado pola Historia e había que agardar. A educación estaba a deixar de ser un privilexio e convertíanse, pouco a pouco, nun servicio que debería ofrecer o novo Estado... Tería que pasar a Revolución de 1789. Terían que recollese tódalas necesidades populares nos famosos **Cahiers de Doléances** (Maio-Xullo de 1789). E terían que presentarse os **Rapports** (1789-1794) para que empezara a sentirse a certeza de que a educación era un dereito. E aínda houbo que agardar máis... Pero unha cousa era xa segura: a convicción de que non podía haber unha revolución política triunfante, sin unha revolución educativa paralela.

O fundamental quedaba dito. O XIX será o tempo en que se consoliden os primeiros sistemas de educación nacional. Francia, na vanguardia de semellante empresa, deberá agardar ás Leis Férry de 1881 para empezar a contar con unha escola gratuita e obrigatoria. España, agardaría practicamente hasta 1931, coa IIª República, como consecuencia natural dunha Ilustración insuficiente no XVIII e pola carencia dunha revolución comparable á de 1789 ou ás europeas de 1848. O **Informe Quintana** (1812) e a Ley Moyano (1857) non foron máis que simples declaracións de intencións.

O primeiro tercio do XIX en Europa é época de programas de educación popular que, coma o de Pestalozzi, redúcense a iniciativas heroicas e minoritarias. Diante das novas exixencias teórico-prácticas e tendo en conta a febleza-e fraxilidade en moitos casos- dos novos Estados, manda entonces o utopismo pedagóxico nas súas distintas formulacións. Mandan os educacionistas, herdeiros do espírito ilustrado. Mandan os programas dos socialistas utópicos -en certos casos- (Roberto Owen e as súas experiencias de New Lanark, en Escocia; Fourier e as súas novas formas educacionistas e convivenciais). Marx será o crítico lúcido desas iniciativas benintencionadas, pero practicamente imposibles. Era enorme a distancia entre a teoría -ou teorización- das necesidades educativas e a práctica concreta das políticas educativas estatais.

Pois ben, Concepción Arenal inscríbese xustamente na liña desde programa de educación popular que Pestalozzi tomaba directamente de Rousseau e das realizacións educativas da Revolución Francesa. Comparte, por tanto, **grosso modo**, o ideario do que arrancarían os institucionistas, dirixidos por Giner de los Ríos. Aínda que hai unha diferenza de calidade: os institucionistas tratan de formar cuadros e dirixentes para un novo Estado que non acababa de nacer -coa idea de transformar a sociedade desde a escola-, mentras que Concepción Arenal -máis afin a outra doutrina instructiva como a que, anos máis tarde, representaría por exemplo Rafael María de Labra (outro institucionista)- pon o acento preferentemente nos programas de extensión educativa e de educación popular. Mesmo a terminoloxía empregada é reveladora: Giner insiste no termo **educación** (modelo inglés, inculcación ou estampación de hábitos, troquelación dunha personalidade e dun estilo de vida) e pensa que a **instrucción** só é un medio para **educarse** (fin). Concepción Arenal emprega o termo -máis "frances"- de **instrucción** (como sinónimo de **saber**, aínda que entende que hai saberes "*populares*" e saberes "*científicos*" de élite, de clase -moi na liña ilustrada, como se ve-).

Non descarta a **educación** gineriana, pero suliña a **instrucción** -máis popular, máis universal, máis socialmente necesaria-. Por outro lado, o termo oficialmente acuñado (moitas veces como sinónimo de **educación**) é o de **instrucción** ("*Instrucción Pública*", e non "*Educación Pública*", sería a expresión dominante na literatura e documentación pedagóxicas hasta 1936 -por exemplo, "*Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*"-). Tamén aquí C. Arenal maniféstase, como di Casás Fernández, como unha formidable **pedagoga social**²¹. E tamén ela -coa

suas diferencias, pero tamén coas suas coincidencias- comparte esa atmosfera gineriana e institucionista -medio esotérica, medio heterodoxa, medio masónica- que acabaría para convertir o chamado "*problema de España*" nun "*problema pedagóxico*", cando, en realidade, como sinala reiteradamente Pierre Vilar, era, antes que nada, un "problema político". E como tal será tratado -tratamento frustado pola guerra civil de 1936-1939- pola IIª República (1931-36).

Carmen Díaz Castañón²² distingue tamén, no pensamento arenaliano, "*o problema social*" (no que inclúe "*o pedagóxico*", tratado con certa extensión), "*o problema penitenciario*" (sobre o que xa se teñen pronunciado importantes persoalidades do mundo do Dereito) e "*o problema da muller*" (estudado xa con certa profusión e no que está a insistir María José Lacalzada na súa Tese de Doutoramento).

Carmen Díaz realza, sobre todo, os aspectos de maior exaltación da educación, da escola e do maxisterio, nas obras de Concepción Arenal máis doctrinalmente pedagóxicas. **El pauperismo**, as **25 Cartas a un obrero**, as **26 Cartas a un señor**, **La instrucción del pueblo**, **La instrucción del obrero**, máis algúns outros artigos e comunicacións a Congresos nos que se presta especial atención as cuestións educativas. "*La educación física, intelectual y moral de Herbert Spencer*", por exemplo (moi de actualidade no seu tempo), "*La igualdad social y política y sus relaciones con la libertad*", etc.

¿QUÉ CONMEMORACIÓN?

Conmemoramos, pois, hoxe os cen anos da morte dunha muller grande e singular. Unha muller distinta, da que herdamos un certo espírito rebelde e provocador e un compromiso moral enteiro para a acción social e educativa. Nas márxenes do gran río da Historia quedaron dudas e vacilacións persoais. O paso do tempo afecta, é certo, a unha parte da súa obra, pero hai una mensaxe oculta nos seus escritos que aínda hai que aprender a descifrar. Concepción Arenal segue a dar que pensar ...

NOTAS

¹ "A lo largo de toda su vida, Concepción Arenal rechazó la indumentaria al uso para adoptar un modo de vestir enteramente *sui generis*; por tanto, al enfrentarnos con el estudio de su personalidad, en todos sus aspectos, hemos de meditar sobre la razón, o las razones, de esta actitud insólita"... CAMPO ALANGE, María, **Concepción Arenal 1820-1893. Estudio biográfico documental**, Ed. Revista de Occidente, Madrid 1973, p. 68.

² GONZÁLEZ GUITIÁN, L., Prólogo a la **Obra Selecta** de C. Arenal, Biblioteca de Autores Gallegos, Ed. Sálvora, Santiago de Compostela, 1983, p. 9.

³ *Ibidem* p. 10.

⁴ *Ibidem* p. 11.

⁵ CAMPO ALANGE, M., *Op. cit.*, pp. 68 y ss.

⁶ GONZÁLEZ GUITIÁN, L., *op. cit.* p. 15

⁷ LERENA ALESON, C., **Escuela, ideología y clases sociales en España**, Ariel, Barcelona 1986 (edición revisada y ampliada), pp. 194 y ss.

⁸ GONZÁLEZ GUITIÁN, *Ibidem*.

⁹ *Ibidem*, p. 15.

¹⁰ *Ibidem* p. 17.

¹¹ CAMPO ALANGE, M., *Op. cit.* p. 268.

¹² *Ibidem*. pp. 18-19.

¹³ *Ibidem* pp. 23-24.

¹⁴ *Ibidem*.

¹⁵ *Cartas a un señor*, en **Antología de textos pedagógicos hispanoamericanos**, de VV.AA., Narce, Madrid 1974, 2ª ed., p. 1086.

¹⁶ LERENA ALESON, C., *op. cit.*, *ibidem*.

¹⁷ Unha última mostra foi a conferencia pronunciada na Facultad de Educación, da Universidade Complutense de Madrid, o 25-XI-93, dentro das "*Jornadas de Homenaje a C. Arenal*", sobre "*La condición de la mujer en el siglo XIX*". Partindo da análise do coñecemento científico no XIX -e, en particular, da medicina-, da relixiosidade na muller, da muller e o mundo laboral e da educación feminina, Galino elaborou un espléndido retrato da condición feminina no XIX español.

¹⁸ BARBEITO, María, **Concepción Arenal. Breviario humano**, Ilustre Colegio Provincial de Abogados, La Coruña 1974 (Prólogo de María BARBEITO, escrito en 1948).

¹⁹ **La instrucción del pueblo**, Tomo undécimo de las **Obras Completas** de Concepción ARENAL, Librería de Victoriano Suárez, Madrid 1896, p. 19.

²⁰ **Obra Selecta**, *cit.*, p. 101.

²¹ CASAS FERNÁNDEZ M., **Concepción Arenal. Su vida y su obra**, V. Suárez, Madrid 1936.

²² **Obras Completas**, de C. Arenal (Tomo CCCII de la Biblioteca de Autores Españoles), Atlas, Madrid 1993. (Estudio preliminar y edición de Carmen Díaz Castañón).

IX
XORNADAS
DE
HISTORIA
DE GALICIA

**A MULLER
NA
HISTORIA
DE GALICIA**

Mar Linares García

Ladislao Castro

María Carmen Pallares
Ermelindo Portela

Domingo L. González Lopo

Herminio Barreiro Rodríguez

María J. Lacalzada de Mateo

Dirección da edición:

Fco. Xavier Castro

Jesús de Juana